



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

INTRODUCCIÓN

Obxectivos do IEU: o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio cultural da Ulloa.

Área de actuación: comarca da Ulloa, constituída polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Sede social: Monterroso (Lugo).

Comunicación:

Web: www.ieu.gal

Redes sociais: es-es.facebook.com/ieulloa/

Contacto:

email: institutoulloa@gmail.com

tfno: 609760169

Socios:

Socios numerarios: 186.

Socios institucionais: Concello de Monterroso, Concello de Palas de Rei, Concello de Antas de Ulla, IES de Monterroso e IES do Camiño de Palas de Rei.

Socios protectores: empresas Gadisa, Campomayor e Jimsports.

Socios honorarios: Xesús Alonso Montero, Mary Quintero, Daniel Salgado.

XUNTA DE GOBERNO 2025		
CARGO	NOME	Concello
Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	Palas de Rei
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	Monterroso
Secretaria	Hilda García Cabanas	Antas de Ulla
Administrador	Xosé Luís Santiso García	Antas de Ulla
Vogal nº 1	Braulio Vilariño Varela	Palas de Rei
Vogal nº 2	María José Gómez Alvite	Palas de rei
Vogal nº 3	Xurxo Mouriño Lourido	Antas de Ulla

COORDINADORES/AS DE SECCIÓN 2025		
SECCIÓN		COORDINADORES/AS
1	Historia, Arqueoloxía e Etnografía	Mª José Gómez Alvite
2	Filoloxía, Literatura e Toponimia	Fernando García Penas Andrea Santiso Arias
3	Actividades artísticas e musicais, Gastronomía	Braulio Vilariño Varela
4	Ciencias, Medio ambiente e Educación ambiental	Xurxo Mouriño Lourido
5	Xeografía, Arquitectura, Urbanismo e Paisaxismo	Rubén Lois González Divina Pérez Viña
6	Audiovisuais Fotografía e Arquivo fotográfico e fonográfico	Patricia Coucheiro González Susana Varela Negro
7	Biblioteca e Arquivo documental	
8	Sala de exposicións, Visitas guiadas e Voluntariado	Braulio Vilariño Varela
9	Museo Etnográfico da Ulloa	Mª José Gómez Avite
10	Economía	Juan Fernando Salgado
	Comisión de Comunicación	Francisco Pardo Teijeiro Hilda García Cabanas
	Comisión Redacción de Cairón	Daniel Salgado García (ata xullo 2025) Mª José Gómez Alvite (dende xullo 2025)
	Comisión corrección publicacións	Mª José Gómez Alvite
	Comisión de Xestión do Centro de Interpretación Monterroso Vila de Feiras	Mª José Gómez Avite
	Comisión Monte Farelo	Xulio Cuba Orosa
	Comisión Arquivo fotografico da Ulloa	Sección Audiovisuais

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO IEU EN 2025 **SEGUNDO AS SECCIÓNS:**

COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS

-Colaboración coa residencia de artistas Do Picho na organización da exposición Roubar o Soño. Xaneiro 2025.

- Colaboración coa Sociedade Galega de Historia natural (SGHN) na organización da excursión á Ulloa. Marzo de 2025.

-Colaboración coa asociación Mariña Patrimonio na organización da excursión a Palas de Rei e Monterroso. Marzo de 2025.

-Colaboración coa asociación cultural de veciños de Santo Xusto "Entreportas" na presentación do libro de Xosé Manuel do Castro *Arredor do cuarto pequeno*. Pambre, 29 de marzo de 2025.

-Colaboración co Ateneo Atlántico de Vigo na organización da excursión a Palas de Rei e Monterroso. Abril de 2025.

-Colaboración coa residencia de artistas Do Picho na organización da exposición Corredores sagrados. Maio-xullo 2025.

-Colaboración coa Plataforma Ulloa Viva no parladoiro *Ulla, o río que nos leva*. A Coruña, 4 de xullo de 2025.

-Colaboración coa Sociedad Estatal de Correos e coa a Orde das Donas e Cabaleiros do Priorato de Vilar das Donas "Os lobos" na presentación a nivel nacional do selo conmemorativo dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas, editado pola Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos SA. Vilar de Donas, xullo de 2025.

-Colaboración coa Plataforma Ulloa Viva na organización da conferencia de Javier Castroviejo Bolívar *O río Ulla, a paisaxe e os eucaliptos*. Palas de Rei, 7 de agosto de 2025.

-Colaboración coa residencia de artistas Do Picho na organización da exposición *Espazos precarios, o fin do mundo*. Setembro-novembro 2025.

-Colaboración co colectivo Ourense Vivo na organización da conferencia *Ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri*. Ourense, 1 de outubro de 2025.

-Colaboración co grupo Ourense Vivo na organización da excursión a Antas de Ulla e Palas de Rei. Outubro de 2025.

-Colaboración coa residencia de artistas Do Picho no proxecto A lúa e o mar. Do Picho, Palas de Rei, 8 nov 2025.

HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

-Presentación a nivel nacional do selo conmemorativo dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas, editado pola *Sociedad Estatal de Correos*, coas intervencións de Fco. Javier Arias Pérez, director da oficina de correos principal de Lugo, José Manuel Pérez Paredes, presidente da Orde das Donas e Cabaleiros do Priorato de Vilar das donas “Os Lobos”, e Francisco Pardo Teijeiro, director do IEU, e coa participación de Isabel Rodríguez López, Subdelegada do Goberno en Lugo; Manuel Antonio Fernández Piñeiro, Director Territorial de Cultura da Delegación da Xunta de Galicia en Lugo; Pilar García Porto, deputada e responsable da Área de Turismo da Deputación de Lugo; José Antonio Ferreira Varela, Delegado episcopal de Patrimonio Cultural da Diócese de Lugo; Antonio Leira Noche, en representación da Federación Española de Sociedades Filatélicas; e Amando Sange Agra, concelleiro representante do Concello de Palas de Rei. Vilar de Donas, 16 de xullo de 2025.

-Presentación do proxecto da sección de Audiovisuais do IEU *Corcosendo* e proxección do documental de Xabier Mailán *Corcosendo, as máns núas de quen nos vestíu*, no acto *Enfiando o material* celebrado no Museo Provincial de Lugo con motivo do Día Internacional do Patrimonio Cultural Inmaterial. Lugo, 17 de outubro de 2025.

FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONIMIA

-Presentación do libro de poemas de Xosé Manuel do Castro *Arredor do cuarto pequeno*, coas intervencións de Toño Núñez, Braulio Vilariño e Xosé Manuel do Castro. Castelo de Pambre, 29 de marzo de 2025.

-Recital poético da escritora canadense Claire Varin na inauguración da exposición de Lisa Tognon *Corredores sagrados*. Castelo de Pambre, 5 de maio de 2025.

-Presentación de Cairón nº 8 en Palas de Rei, coas intervencións de Braulio Vilariño, coordinador de exposicións do IEU; Fernando García Penas, coordinador da Sección de Literatura do IEU; e Francisco Pardo, director do IEU. Salón de plenos da Casa do Concello de Palas de Rei, 11 de maio de 2025.

-Presentación de Cairón nº 8 en Monterroso, coas intervencións do xornalista Fernando Salgado; do catedrático de Análise Xeográfica Rexional da Universidade de Santiago, Rubén Lois González, e do director do IEU, Francisco Pardo Teijeiro. Sede do IEU en Monterroso, 10 de maio de 2025.

-Presentación de Cairón nº 8 en Antas de Ulla. Acto presidido pola alcaldesa de Antas de Ulla, Pilar García Porto, e presentado por Xosé Luís Santiso, coas intervencións de Andrea Santiso, Patricia Coucheiro, Francisco Pardo e Paco Ledo. 10 de maio de 2025.

-Xornada de conmemoración do *Día das Letras Galegas*. Acto coordinado por Fernando García Penas. Co relatorio de Andrea Santiso e o recitado de poemas de Xosé de Cea, Fernando García Penas, Antom Laia, Xosé Luis Otero Cebal e Xosé Luis Santiso. Castelo de Pambre, 17 de maio de 2025.

-Presentación do libro de poemas de Marco García Vaquero *Ulla, Ulloa, Ulloáns*. Coas actuacións de Xosé Luis Santiso, Suso Otero, Esperanza Díaz, Alba García e Francisco Pardo. Centro sociocultural de Monterroso, 24 de agosto de 2025.

-Participación no Simposio Homenaxe ao escritor e historiador Xosé Lois García. Intervención de Francisco Pardo en representación do IEU. Auditorio Municipal de Chantada, 6 de setembro de 2025.

-Nomeamento como socio/a de honor do IEU do poeta, xornalista e director de *Cairón* Daniel Salgado e da fotógrafa Mary Quintero. 27 de setembro de 2025.

-Presentación de *Cairón nº 8* en Ourense. Presentado por Francisco Pardo no acto aberto de información e debate *Ambiente, territorio e paisaxe*. Liceo de Ourense, 1 de outubro de 2025.

-Presentación do libro de poemas de Sandra Goded *Ahí, conmigo dentro, se para el tiempo*. Presentado por Hilda García Cabanas, Sinda Vilameá e Teresa Batán. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 26 de setembro de 2025.

-Presentación do libro de Fernando García Penas *Escenas da vida encuberta*. Presentado por María José Gómez Alvite e Francisco Pardo. Castelo de Pambre, 20 de decembro de 2025.

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS, GASTRONOMÍA

-Actuación musical do grupo Os agostiños, na presentación do libro de Xosé Manuel do Castro *Arredor do cuarto pequeno*. Castelo de Pambre, 29 de marzo de 2025.

-Actuación do grupo das pandereteiras de Fiadeira de Antas de Ulla na xornada de conmemoración do Día das Letras Galegas. Castelo de Pambre, 17 de maio de 2025.

-Inauguración da exposición da pintora canadense Lisa Tognon *Corredores sagrados*, coas intervencións de Ralf Jürgens, fundador da residencia de artistas Do Picho, a pintora Lisa Tognon, a escritora quebequense Claire Varin, o galerista Braulio Vilariño, e Francisco Pardo, director do IEU. Castelo de Pambre, 25 de maio de 2025.

-Actuación musical da Escola Infantil de Gaitas de Falcatrueiros, na presentación do libro de Marco García Vaquero *Ulla, Ulloa, Ulloáns*. Centro sociocultural de Monterroso, 24 de agosto de 2025.

-Inauguración da exposición de Judit Porto *Debuxos*, coas intervencións de Braulio Vilariño e Judit Porto. Castelo de Pambre, 1 de setembro de 2025.

-Inauguración da exposición da fotógrafa sudafricana Jean Brundrit *Espazos precarios. O fin do mundo*, coas intervencións de Ralf Jürgens, fundador da residencia de artistas Do Picho, Jean Brundrit, o galerista Braulio Vilariño, e Francisco Pardo, director do IEU. Castelo de Pambre, 13 de setembro de 2025.

-Actuación musical do dúo María Pardo e Manuel Escariz na presentación do libro de poemas de Sandra Goded *Ahí, conmigo dentro, se para el tiempo*. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 26 de setembro de 2025.

-Actuación musical do grupo Cantareiras do Castro na presentación do libro de Sandra Goded *Ahí, conmigo dentro, se para el tiempo*. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 26 de setembro de 2025.

-Proxección de *Un punto negro con sombreiro*, interpretación e gravación de Metátese Teatro, baseado no texto de Fernando García Penas do libro *Escenas da vida encuberta*. Castelo de Pambre, 20 de decembro de 2025.

-Participación no proxecto de Do Picho *A lúa e o mar*. Do Picho, Palas de Rei, 8 nov 2025.

CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

-*O río Ulla, a paisaxe e os eucaliptos*, conferencia de Javier Castroviejo Bolívar. Casa de Cultura de Palas de Rei. 7 de agosto de 2025.

-Conferencia *Ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri*, coas intervencións de Horacio García, Rubén Lois e Francisco Pardo. Liceo de Ourense, 1 de outubro de 2025.

-Participación do IEU, como asociación da comarca da Ulloa, na manifestación en contra da instalación da fábrica de pasta de celulosa de Altri celebrada en Santiago de Compostela o 14 de decembro de 2025.

XEOGRAFÍA

-*Ulla, o río que nos leva. Parladoiro sobre a defensa dunha paisaxe e dun territorio*. Conferencia de Horacio García e Serafín González Prieto. Circo de Artesáns de A Coruña, 4 de xullo de 2025.

VISITAS GUIADAS

-Visita de membros da SGHN e o CSIC á zona de serpentización de Palas e ao bosque de ribeira do río Pambre, guiada por Xurxo Mouriño, e á contorna do castelo de Pambre, guiada por Braulio Vilariño e Francisco Pardo. 9 de marzo de 2025.

-Visita da asociación Mariña Patrimonio á ribeira do río Pambre, castelo de Pambre, Vilar de Donas, Monterroso e Palas de Rei, guiados por Braulio Vilariño e Francisco Pardo. 15 de marzo de 2025.

-Visita do Ateneo Atlántico de Vigo a Vilar de Donas, ao castelo de Pambre, a Granxa Maruxa en Monterroso e a Arqueixal, guiados por Braulio Vilariño, María Álvarez e Francisco Pardo. 26 de abril de 2025.

-Visita do grupo Ourense Vivo á zona de serpentización da Ulloa guiada por Xurxo Mouriño; a Antas de Ulla, guiada por Hilda García Cabanas; ao castelo de Pambre, guiada por Francisco Pardo; e ao complexo de ecoagroturismo de Arqueixal, guiada por Xosé Luis Valín. 4 de outubro de 2025.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

-Ampliación dos fondos da *Biblioteca da Ulloa*.

EXPOSICIÓNS

- Sala de exposicións do castelo de Pambre (<http://ieu.gal/exposicions/sala-1-castelo-de-pambre/>) cedido o seu uso polo concello de Palas de Rei:

- *Roubar o Soño*. Exposición do pintor colombiano Luis Antonio Sánchez León. En colaboración coa residencia de artistas Do Picho de Palas de Rei. Coordinación e montaxe: Braulio Vilariño e Sánchez León. 23 novembro de 2024 ao 11 de xaneiro de 2025.

- *Corredores sagrados*. Exposición da pintora canadense Lisa Tognon. En colaboración coa residencia de artistas Do Picho. Coordinación e montaxe: Lisa Tognon e Braulio Vilariño. 5 de maio ao 5 de xullo de 2025.

- *Debuxos*. Exposición de Judit Porto. Coordinación e montaxe de Braulio Vilariño. 1 ao 12 de setembro de 2025

- *Espazos precarios. O fin do mundo*. Exposición da fotógrafa sudafricana Jean Brundit. En colaboración coa residencia de artistas Do Picho. Coordinación e montaxe: Jean Brundit, residentes de Do Picho e Braulio Vilariño. 13 de setembro ao 8 de novembro de 2025.

- Pendellos de Agolada (Pontevedra)

-Exposición no pendello A Capela do proxecto da sección de Audiovisuais do IEU *Corcosendo, a memoria das costureiras da Ulloa*, no feira "Fiando Vida". Comisariada por Patricia Coucheiro, Susana Varela, Sara Coello e Antía Montes. Fotografías de costureiras entrevistadas pola artista téxtil Verónica Ramilo. Pendellos de Agolada, 28 de xuño de 2025.

LABOR EDITORIAL

-Publicación e divulgación do calendario *A Ulloa, patrimonio que agarda unha mirada significativa*. Calendario 2025 do IEU promovido por Hilda García Cabanas, con textos de varios autores e fotografías de Xosé Luis Santiso. Febreiro 2025.

-"Alonso Montero e Rafael Vega, lucenses de adopción", artigo do director do IEU. *El Progreso*, 8 de novembro de 2025.

- CAIRÓN. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns nº 8. (<http://ieu.gal/cairon-boletin-ieu/>). Revista dirixida polo xornalista Daniel Salgado. O número 8, subvencionado pola Deputación de Lugo, conta cos seguintes artigos:

EDITORIAL por Daniel Salgado

O CONFLICTO DE ALTRI

-"A liberdade da auga". Conferencia de Joaquín Araújo en Melide. Tradución ao galego: Xulio Cuba Orosa

-"O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA", autora: Sonia Villapol Salgado

-"O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri", autor: Rubén Camilo Lois

-"A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa", autor: Francisco Pardo Teijeiro

-"Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur", autora: Ana Escariz

HISTORIAS

- “Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa”, autor: Fernando Salgado
- “Segundo fragmento de Amoexa. Memoria dos cincuenta”, autor: Pepe do Xastre

PATRIMONIO

- “Arredor da toponimia maior do Concello de Antas de Ulla”, autora: Andrea Santiso Arias

CREACIÓN

- “Tres poemas”, autora: Adela Figueroa Panisse
- “Poema. A Ulloa berra non”, autor: Paco Ledo
- “Poema. Terra!”, autor: Toño Núñez

MEMORIA DE ACTIVIDADE DO IEU EN 2024, por Francisco Pardo Teijeiro

- Presentación en Monterroso o 10 de maio de 2025.
- Presentación en Antas de Ulla 10 de maio de 2025.
- Presentación en Palas de Rei o 11 de maio de 2025.
- Presentación en Ourense o 1 de outubro de 2025.

- Deseño e/ou publicación de carteis e dípticos:

Deseñado por Judit Porto:

- Cartel da e dípticos da exposición *Debuxos*. 1 ao 12 de setembro de 2025.

Deseñado por Sandra Goded:

- Cartel da presentación do libro *Ahí, conmigo dentro, se para el tiempo*. 26 de setembro de 2025.

Deseñados por Francisco Pardo:

- Cartel da presentación do libro de Marco García Vaquero *Ulla, Ulloa, Ulloáns*, 24 de agosto de 2025.
- Cartel da presentación do libro de Xosé Manuel do Castro *Arredor do cuarto pequeno*. 29 de marzo de 2025
- Cartel da conmemoración do *Día das Letras Galegas*, 17-5-2025

A Ulloa, 15 de xaneiro de 2026



Asdo: X. Francisco Pardo Teijeiro